

ARTE



A exposición de César Lombera no compostelán colexio de Fonseca, recolle a produción máis recente do artista

C.T.

A obra recente do artista César Lombera no colexio de Fonseca

O colexio de Fonseca acolleu esta temporada o traballo recente de César Lombera (Baracaldo, Biscaia, 1953). Artista popularmente coñecido polo seu traballo de 'As Mariás' e a estatua de 'Valle-Inclán', cos que nacionais e estranxeiros tanto se fotografan no compostelán paseo da Ferradura.

A mirada coa que César Lombera ve o mundo é crítica; en ningún momento, inda que poida parecerlo, é inocente. As súas instalacións son de talante teatral, non en van estivo moi vinculado ó teatro deseñando desde máscaras e monicreques, que desfilaron polas rúas compostelás, ata xigantes e cabezudos.

Estudioso da etnografía, recreou un drácar para a festa de Catoira, personaxes históricos ou monumentos de aire megalítico nunha terra tan rica nelas.

Carácter ficcional posúen obras como as da serie 'Humor negro', composta de esculturas e debuxos reforzados con trazos caricaturescos. Parodia unha realidade terrible, o drama africano, baixo un proceso de sa crítica e chamamento enxalzado por perturbadores títulos á axuda humanitaria dunha cultura como a nosa que parece que esqueceu as súas antigas angustias debido á consolidación do seu desenvolvemento económico.

O público asume con naturalidade e sen mala conciencia histórica as tremendas barbaridades cometidas ou a equivocada acción política practicada. Inda que as escenas incomoden polo seu talante nada neutral, presén-

tanse a modo de páxinas literarias de vellos contos de aventuras por un continte subdesenvolvido.

'A morte da peixeira' é unha instalación que escenifica un suceso que aconteceu no ano 1993 en Vilagarcía: a morte dunha veciña de Vilaxoán. Cunha rica sintaxe interrómpese o normal balbordo dun mercado. O ambiente de frescor da praza queda interrompido por un feito que no seu día conmocionou a cidadanía: a morte dunha peixeira por disparos dun policía. Unha vez máis, o artista somérxese no contorno cotián e popular para denunciar-lo que considera un tremendo delito que causou a morte dunha inocente.

O sinistro do feito salientábase inda máis porque incorpora un texto escrito inspirado nas antigas coplas de cegos. Unha escena da crónica de sucesos quedou teatralizada por uns membros dunha suposta compañía que neste caso non é teatral senón mundana. A narración enlaza cos procedementos do cómic e válese para iso de cores tremendamente vistosas e de xestos esaxerados no seu afán comunicativo.

César Lombera manexa visións multidisciplinares. Contamina a súa linguaxe con outras, como os resortes do dadaísmo; de aí que a súa obra sexa difícil de inserir nos circuitos do mercado. A súa paixón polo mar vénlle de picariño. Somérxese nunha estética de corte kitsch, materializada na serie "superficies mariñas". Á superficie afloran as súas fantasías, o seu

mundo aberto a tritóns, sereas, nenos xogando con flotador ou algunha bañista embriagada polo salgado viño mariño.

'Papel enrugado' escenifica as ondas e contraponse a outros materiais máis pesados como o aceiro, aluminio ou bronce, todos reunidos para crear imaxes de suxerentes formas, un tanto frías polo seu colorido estridente e a súa estrutura escenográfica.

A obra de César Lombera é solidaria, emana liberdade e un compromiso interior cara á grande experiencia do feito cotián como algo que adquire tinguadura monumental. Véxase a obra de Vilagarcía 'Viúvas de vivos', despedida de miles de mulleres do mar a uns seres queridos que tal vez nunca regresen ó seu fogar.

O seu estilo é difícil de clasificar. Por un lado recolle as experiencias minimalistas sintetizando as estruturas e renunciando a todo tipo de accesorios ornamentais, como nas súas coñecidas colas de peixes instaladas ó aire libre en portos como homenaxe ó home de mar, e por outro nítrese do fetichismo dos obxectos de consumo da corrente neo-pop, vernizando as súas pezas cunha pátina moi do gusto dos novos ricos, que non se cortan en exhibí-las vergoñas catalogadas por outros gustos.

Un estilo que recolle experiencias como a de Jeff Koons no sentido de que o seu traballo ha de axudar á arte a ser máis eficaz e, sobre todo, de corte político e efectivo.

Fátima Otero

CINE

Incrible por simple

Non serei eu, desde logo, quen me opoña a un cine de talante social, de denuncia aberta, sobre todo diante dun sistema tan inxusto como o é a sanidade nos EEUU. Que a salvación dun neno gravemente enfermo estea antes de nada analizada pola capacidade de renda dos pais, parece o suficientemente grave nunha sociedade (que se di a máis libre e democrática do mundo) como para que se faga unha boa película de estricita denuncia.

Iso parece que era o que pretendían Nick Cassavetes, director, e James Kearns, guionista, ó construír 'John Q.', película protagonizada por Denzel Washington, gañador na última entrega dos Oscar por esta interpretación. Sen embargo, o resultado queda moi lonxe dos seus propósitos.

Mentres se trata de presenta-la tese (o neno do fillo duns traballadores negros cae fulminado por unha grave enfermidade, que dura os primeiros 10 minutos) aínda parece que se pode soste-la estrutura, pero tan axiña como os pais entran en contacto coa vida hospitalaria e xa non digamos cando o pai adopta unha medida extrema de secuestrar na sala de urxencias a varios médicos e enfermos, a tensión, credibilidade, e consistencia do filme cae por terra.

Todo vai correndo cara a un mal panfleto, cara a unha pésima trama ó servizo da idea simple e plana de que se debe estende-la gratuidade na cobertura da asistencia sanitaria, o que sen dúbida, supoño, faría de xeito moito máis convincente e razoado a senadora Hillary Rodman Clinton.

Ken Loach, Costa Gravas ou calquera outro director con traxectoria máis decidida no enfoque de asuntos sociais, tal vez foran capaces de aborda-lo problema con máis soltura. Nick Cassavetes non pode. Pausadamente o filme escóraselle cara a unha teleserie de sobremesa, onde os bos e os malos quedan petreaamente definidos, e onde os estereotipos se van sobrepondo, amoreándose todos, ata confundí-la emoción co sentimentalismo, a loita polos dereitos cunha pallasada, a manipulación mediática cunha mala comedia.

Total, o peor que lle pode ocorrer a unha película de denuncia: que un acaba por rir cando pretenden emocionalmente ata as bágoas ou seducido en favor da causa.

Con tal desaxuste entre as pretensión de denuncia e o feble e pouco crible guión, tampouco pode facer demasiado Denzel Washington. Sen dúbida é un grande actor, destila humanidade e tenrura por cada poro, pero 'John Q.' resulta ser un cartón demasiado esquemático e carente de matices aínda para as súas capacidades: acaba comesto polo este-reotipo de papá bo, entregado, pacífico e honrado.

En resumo: un filme que ia para denuncia e, por culpa de se agarrar demasiado á tese política e social do grave feito denunciado (tampouco se sostera como documental, sería pésimo), acaba por non parecer críble, é dicir, sendo mal cine.

Miguel Suárez Abel